

Falece na Arxentina o xornalista Xusto Piñeiro Soliño, fundador e director de Val Miñor - Radio.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Sábado, 28 Xuño 2014 18:27



No mediodía do venres tivo lugar en Bos Aires o pasamento do xornalista Xusto Piñeiro Soliño, fundador e director de Val Miñor- Radio, medio de difusión miñorano ao servizo do colectivo de galegos na Arxentina. Os seus restos están a ser velados nun tanatorio do barrio Ramos Mejía, na provincia de Bos Aires e posteriormente serán cremados.

Xusto Piñeiro Soliño naceu o 23 de outubro de 1945 en Cangas do Morrazo. Emigrou aos once anos xunto cos seus pais á Arxentina. Retornou en varias oportunidades á súa Galicia natal e o ano pasado fixo a súa derradeira visita ao Val Miñor.

Fundador e director de Radio Val Miñor Digital, inaugurada o 27 de outubro de 2010, primeira emisora dun centro galego e español na Arxentina.